




XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



IES A Basella



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO

Av. de Galicia nº 3. 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra. Tfno.: 886151873-Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.es



PLAN DE ACOLLIDA CURSO 2021-2022 DO IES A BASELLA

1. Novas normas de organización e funcionamento do centro

● Entradas e saídas do centro:

O horario tanto de entrada como de saída do centro é o mesmo de todos os anos: Entrada ás 09:00h. e saída ás 14:40h.

O centro dispón de dous accesos para a entrada e saída do alumnado na pranta principal do edificio e dúas saídas de emerxencia no primeiro andar. No contexto COVID – 19 utilizaráanse as catro para entrada e saída do alumnado do seguinte xeito.

- **Acceso A.** Porta principal (fachada dianteira do edificio): entrada e saída de Bacharelato e 4º da ESO
- **Acceso B.** Porta patio (fachada traseira do edificio) entrada e saída de 1º e 2º da ESO
- **Acceso C.** Escaleira de emerxencia da dereita: entrada e saída de 3º da ESO
- **Acceso D.** Escaleira de emerxencia da esquerda: entrada e saída das aulas específicas: Música, Debuxo, Informática, Salón de Actos...

Contaremos á entrada con dous profesores de garda de custodia con horario de 08:45 ás 09:00, e con un profesor á saída de 14:40 ás 14: 55. Á entrada, un disporase no patio dianteiro para vixiar a entrada principal e o acceso ao recinto unha vez cheguen os autobuses e outro no patio traseiro.

Non se permitirá a entrada de ningún proxenitor/titor legal **en todo o recinto (incluído o parking)** agás con cita previa ou que transporte a un alumno con mobilidade reducida.

● **Circulación:**

Como norma xeral, dentro do centro circularase sempre pola marxe dereita dos corredores (no senso das frechas) mantendo unha distancia de 1,5 m. da persoa precedente. Así, o fluxo de alumnos será seguro e non se mesturará o alumnado que se desplaza en direccións opostas.

O alumnado que estea á espera de entrar nas aulas específicas deberá agardar á súa entrada respectando a distancia de seguridade marcada no chan, situándose sempre o máis próximo posible á parede onde estea situada a aula á que vai acceder.

● **Escaleiras:**

Na estrutura do edificio hai dos núcleos de escaleiras: o primeiro que dá acceso, situado de fronte e á dereita da entrada principal o segundo situado de fronte e á esquerda da entrada principal. A partir de agora, o primeiro grupo de escaleiras serán as de subida, mentres que o segundo será o de baixada.

● **Aseos:**

O aforo de todos os aseos do centro é de **dous alumnos simultaneamente**. A cola se fará respetando en todo momento a distancia de seguridade. Durante os recreos, só se poderán usar os aseos da **planta baixa**, e cuxo aforo será vixiado polos conserxes do centro.

Como norma xeral, durante este curso, se priorizará a saída do alumnado aos aseos durante as horas lectivas para evitar aglomeracións nos tempos de lecer.

● **Recreos:**

Os recreos materán o seu horario habitual, de 10:40 a 11:00 e de 12:40 a 13:00. As saídas e entradas serán as mesmas que ao inicio e remate das clases, polo que o alumnado sairá ao recreo por 3 saídas distintas.

Haberá 4 profesores de garda por recreo. Tres para a zona exterior e un para a biblioteca. A zona exterior ten unha superficie total de 6612 metros cadrados, o que daría aproximadamente 16,25 metros cadrados por alumno.

Sempre que a climatoloxía o permita, os tempos de lecer serán ao aire libre, podendo consumir na cafetería pola ventá que da ao patio dianteiro. No caso de mala climatoloxía, seguiremos as seguintes indicacións:

Dividiremos os espazos tal e como aconsella o “Protocolo de adaptación ao contexto da covid 19 nos centros de Ensino non Universitario de Galicia para o curso 2021-2022” por zonas:

- Zona dianteira e pasillos planta baixa (Z1) (1 profesor de garda)
- Pavillón (Z2) (1 profesor de garda)
- Aulas de Bacharelato (Z3) (1 profesor de garda)

Os alumnos de Bacharelato quedarán nas súas aulas durante o tempo de lecer cando non se poida saír ao exterior. Cada grupo debe quedar na súa aula. **Está prohibido baixo sanción o cambio de clase ou a saída aos pasillos SEN CAUSA XUSTIFICADA.**

CALENDARIO TEMPO DE LECER

1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
1º ciclo da ESO: ZONA 1	1º ciclo da ESO: ZONA 2	1º ciclo da ESO: ZONA 1
2º ciclo da ESO: ZONA 2	2º ciclo da ESO: ZONA 1	2º ciclo da ESO: ZONA 2
Bacharelato: ZONA 3	Bacharelato : ZONA 3	Bacharelato: ZONA 3

• Normas de organización e funcionamento

O centro publicará na páxina web do centro as NOF , os protocolos e instrucións elaborados pola Consellería, os protocolos adaptados ao noso centro distinguindo entre os diferentes colectivos e o Plan de adaptación á situación covid 19 no curso 21-22.

Toda a documentación atoparase no apartado “Normas Covid IES A Basella”. A modificación das NOF con respecto á situación actual é a seguinte:

Tal e como ven recollido nas instrucións da Consellería do 31/08/2020 no apartado 3, epígrafe 3.10 os supostos de incumprimento polo alumnado do uso da máscara nos tempos e lugares que sexan obrigatorios e o incumprimento das instrucións do profesorado en aplicación do Plan de adaptación ao COVID-19 serán consideradas condutas leves contrarias á convivencia incluídas nos supostos do artigo 42 letras a), b) e d) do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro.

O IES A Basella, cumprindo con dita normativa elaborou a seguinte redacción:

Acción	Conduta contraria	Sanción
<ul style="list-style-type: none">- Olvidar a máscara- Pérdida da máscara	i) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na alínea a), os actos de discriminación da alínea b), os actos de indisciplina da alínea c), os danos da alínea g), os actos inxustificadas da alínea h) e as actuacións prexudiciais descritas na alínea i) do artigo 15 da Lei 4/2011 que non alcancen a gravidade	<p>1º vez. Amonestación privada. Facilítaselle unha máscara e volve á aula</p> <p>2º vez. Comparecencia en xefatura. Chamada a casa para que lle traian unha máscara</p> <p>3º vez y ss. Comparecencia en xefatura. Chamada a casa para que lle traian unha máscara. Realización de tarefas en horario lectivo.</p>

	requirida no devandito precepto.	(No tempo de lecer) Reiteración excesiva: privación do dereito de asistir ao centro 1 día
- Levantarse e moverse sen permiso polo aula	i) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na alínea a), os actos de discriminación da alínea b), os actos de indisciplina da alínea c), os danos da alínea g), os actos inxustificados da alínea h) e as actuacións prexudiciais descritas na alínea i) do artigo 15 da Lei 4/2011 que non alcancen a gravidade requirida no devandito precepto.	1º vez. Amonestación privada. 2º vez. Comparecencia en xefatura. Aviso á familia 3º vez y ss. Comparecencia en xefatura. Realización de tarefas en horario lectivo. (No tempo de lecer)
- Salir do aula sen motivo	i) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na alínea a), os actos de discriminación da alínea b), os actos de indisciplina da alínea c), os danos da alínea g), os actos inxustificados da alínea h) e as actuacións prexudiciais descritas na alínea i) do artigo 15 da Lei 4/2011 que non alcancen a gravidade requirida no devandito precepto.	1º vez. Amonestación privada. 2º vez. Comparecencia en xefatura. Realización de tarefas en horario lectivo. (No tempo de lecer) 3º vez y ss. Comparecencia en xefatura. Privación do dereito de asistir ao centro 1 día.
- Negarse ao uso da máscara (*)	i) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na alínea a), os actos de discriminación da alínea b), os actos de indisciplina	1º vez. Amonestación privada. Comparecencia en xefatura. Chamada a casa. Aillamento ata que acepte o uso da máscara

	da alínea c), os danos da alínea g), os actos inxustificadas da alínea h) e as actuacións prexudiciais descritas na alínea i) do artigo 15 da Lei 4/2011 que non alcancen a gravidade requirida no devandito precepto.	2º vez y ss. Comparecencia en xefatura. Privación do dereito de asistir ao centro 1 día.
--	--	---

(*) O alumnado que presente informe médico eximíndoo do uso da máscara deberá usar obrigatoriamente pantalla

- O primeiro día de clase, o equipo directivo programará a xornada para dar a coñecer ao alumnado as normas a través do propio equipo e os titores. A entrada o centro será escalonada tal e como se indica no seguinte horario das presentacións, publicado na web do centro e nas redes sociais:

MÉRCORES 15 DE SETEMBRO		
1º ESO	09:00	O alumnado accederá ao patio dianteiro cando toque o timbre. Alí será nomeado polo docente-titor que o levará a súa aula onde lle dará información relevante para o curso 21/22.
2º ESO	11:00	
3º ESO	11:30	
4º ESO	12:00	
1º BACHARELATO	13:00	
2º BACHARELATO	13:30	

Ademais para novo alumnado de 1º ESO, a xornada incluírá a presentación do equipo TIC, presentación do equipo directivo e orientador e percorrido polas instalacións do centro. Tamén se darán a coñecer nos diferentes cursos os membros do equipo Covid.

- Durante o mes de setembro:
 - A hora de titoría será empregada para a difusión destas normas

- A semana do 27 de setembro comezarán as reunións cas familias por parte do equipo directivo e dos titores, de xeito escalonado e nas que ademais das presentacións habituais se lles informará dos protocolos e medidas adoptadas polo centro para garantir a correcta aplicación do protocolo. O horario das reunións será o que sigue na seguinte táboa, que será publicada tanto na web coma nas redes sociais do centro:

REUNIÓN CAS FAMILIAS CURSO 21/22	
1º ESO	Luns 20/09 ás 16:30 no salón de actos
2º ESO	Luns 20/09 ás 17:15 no salón de actos
3º ESO	Luns 20/09 ás 18:00 no salón de actos
4º ESO	Luns 20/09 ás 18:45 no salón de actos

(*) debido ao aforo das aulas, só se permitirá a entrada dun proxenitor/titor legal por alumn@

(**) e moi importante que un titor legal acuda a ditas reunións xa que nelas terán que firmar un modelo de declaración responsable e o acordo de cesión dos equipos EDIXGAL no caso do alumnado novo de 1º e 4 da ESO. No caso de non poder asistir necesitamos comunicación vía telefónica antes do día 20.



- O profesorado recalará as normas de aula, as normas dos recreos e de entrada e saída e nas materias con aula específica, serán os profesores os encargados de difundir e cumprir as normas das súas respectivas aulas
- No claustro e no Consello Escolar de inicio de curso darase a coñecer o protocolo e as normas adoptadas polo centro

2. Actuacións de prevención, hixiene e proteccións

- Nas entradas do centro hai dispensadores automáticos de produto de hixiene que permiten a todos os usuarios realizar a limpeza de mans.

- En todas as aulas, na porta de entrada, hai dispensadores de xel hidroalcohólico e panos desbotables.
- Nas aulas e diferentes espazos o centro atopamos papeleiras de pedal para panos desbotables usados polo alumnado que se empreguen para o secado de mans ou para as secrecións respiratorias.
- Os espazos con límite de aforo teñen cartelería na entrada onde se especifica o mesmo.
- O alumnado deberá atender á cartelería do centro onde se indica o fluxo de percorrido e medidas básicas de prevención.
- O centro conta con protocolos para o alumnado para: uso de aseos, cambio de aula, entrada e saída de recreos, entradas e saídas do centro. Ditos protocolos daránse a coñecer ao alumnado o primeiro día de clase.
- O centro dispón dun protocolo de limpeza e desinfección que responde ás súas características. Atópase recollido no Plan de adaptación á situación covid 19 no curso 21-22 que se publicará na páxina web do centro. As medidas indicadas nos puntos anteriores atópanse recollidas en dito plan e serán dadas a coñecer no primeiro día de curso.
- Ademais, o equipo COVID contactará co noso centro de saúde de referencia para que impartan charlas sobre prevención no noso centro tanto ao persoal coma ao alumnado do mesmo

3. Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.

- **CADERNO TIC:** Durante a segunda semana de clase (do 20 de setembro ao 27 de setembro), o alumnado de 1º e 2º da ESO, coma todos os anos, recibirá un mínimo de catro sesións, a repartir entre varias materias, e sempre co apoio do equipo TIC sobre varios aspectos para a súa mellora da competencia dixital:
 - 1º Sesión: Coñecendo o escritorio EDIXGAL, entrega de usuario e contrasinais para acceder ao EVA EDIXGAL e coñecer dito entorno

- 2º sesión: búsqueda de información e cómo redactar un email
 - 3º sesión: achega de fotos e vídeos e traballo colaborativo en DRIVE
 - 4º sesión: convertir traballos en PDF par achegalos por email, subilos á aula virtual, intruccións para unha correcta entrega de traballos dixitais, etc...
- **APUNTES TIC:** Todos estes apuntamentos estarán dispoñibles durante o curso académico para o alumnado na páxina de inicio da aula virtual do IES A Basella en formato de video titoriais.

No seguinte cadro/resumo quedan reflectidas as tarefas mínimas que se levarán a cabo no centro educativo:

NIVEL EDUCATIVO	ACCIÓN A DESENVOLVER	LUGAR	TEMPORALIZACIÓN
1º e 2º ESO	Caderno TIC	Aula	Segunda semana de curso
	Acceso ao EVA EDIXGAL e G-SUITE	Casa (detectar dificultades)	Segunda semana de curso
	Entrega de tarefas, realización de cuestionarios, acceso aos contidos, etc a través do EVA	Aula	Primeiro mes de clase
3º e 4º ESO	Usuario e contrasinal G-SUITE e Aula Virtual	Aula Tecnoloxía Aula TIC	Segunda semana de curso
	Acceso á Aula Virtual e G-SUITE	Casa (detectar dificultades)	Segunda semana de curso
	Entrega de tarefas, realización de cuestionarios, acceso aos contidos, etc a través do Aula Virtual	Aula	Primeiro mes de clase

Bacharelato	Usuario e contrasinal G-SUITE e Aula Virtual	Aula	Segunda semana de curso
	Entrega de tarefas, realización de cuestionarios, acceso aos contidos, etc a través do Aula Virtual	Aula	Primeiro mes de clase
Familias	ABALAR MOBIL	Instituto	Reunión familias de inicio de curso
	EVA EDIXGAL/Aula Virtual/G-SUITE/Basella Online (*)	Instituto	Reunión familias de inicio de curso

(*) Visualización e breve explicación das vantaxes destes entornos en caso dunha volta á educación online

4. Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión

Será o departamento de orientación o encargado de coordinar e deseñar as actividades dirixidas a atender estes aspectos, tendo en conta que serán actividades realizadas ao inicio do curso dirixidas polos titores ou titoras de cada un dos grupos estables de convivencia.

Incidirase nos seguintes aspectos no inicio do curso:

- Detectar o antes posible as posibles dificultades emocionais dos alumnos de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato.
- Realización de actividades de acollida e cohesión para facilitar o ámbito socioemocional. O departamento de orientación entregará aos titores unha recopilación de actividades que fomenten estes aspectos para traballar nos primeiros días de clase e a través da titoría lectiva. Levaranse a cabo as seguintes actividades nas primeiras sesións de clase:

- a. Presentación dos titores e da orientadora, visita guiada polo centro e explicación das normas COVID. Actividade “que esperas deste curso”.
 - b. Dinámicas de coñecemento: o primeiro día faremos unha actividade de presentación, xa que en maior ou menor medida, pode haber incorporacións de alumnado novo ou alumnado doutros centros que todavía non se coñecen. Algunhas das actividades que se proporán son: “acumulamos nomes”, “nubes de palabras”, “detectives”, “o escudo heráldico”.
 - c. Dinámicas socioemocionais: despois das actividades da xornada de presentación é necesario falar e traballar sobre as emocións que o alumnado viviu e vive por mor das situacións que se deron nos últimos meses co COVID e o confinamento. É importante falar do tempo do confinamento e das expectativas e medos da actualidade. Para abordar esta temática propoñense as seguintes actividades: “a miña liña da historia COVID-19”, “Atópome/exprésome”, “cóntoche un segredo”, “coa música nesta parte”.
 - d. Actividades de cohesión grupal: o obxectivo desta actividades é lograr un bo entendemento do grupo e que prevaleza a confianza mutua dos seus membros: Poderanse traballar actividades como: “somos un grupo”, “en venta”
- Durante o curso prestarase atención especial a aquel alumnado con NEAE que polas súas características particulares (TEA, TDAH, dificultades de aprendizaxe...) atopan maiores dificultades para organizar e planificar o estudo, abordando técnicas de traballo intelectual que lles axude a retomar os hábitos previamente adquiridos ou establecer unha rutina de traballo unha vez de volta ás aulas, traballando dende o reforzo positivo.

- O departamento de orientación facilitará asesoramento individualizado a aquel alumnado que debido á situación vivida unha vez iniciado o estado de alarma e ata a actualidade, se encontre en situacións de tristeza, ansiedade... tratando de identificar emocións (illamento, negación, medo, ansiedade por separación...), aspectos fisiolóxicos (pesadelos, dificultades para conciliar o sono, dificultades para establecer rutinas e hábitos de traballo...) e facilitar pautas educativas que redunden no seu benestar emocional, promovendo a resiliencia.